



A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de decembro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 54196 (10/POC-008569)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión da Consellería de Cultura e Turismo respecto do achado dunha sauna da Idade do Ferro no contorno do castro da Atalaia, no concello de Cervo, o uso de maquinaria pesada nese espazo e os posibles danos causados, así como as razóns da demora e o prazo previsto para a súa escavación, estudo e protección
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 58578 (10/POC-009175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións postas en marcha pola Consellería de Cultura e Turismo para impulsar o coñecemento e a protección das construcións con pedra seca, así como o desenvolvemento pola Axencia Turismo de Galicia dalgún proxecto para a súa divulgación e declaración como patrimonio inmaterial da humanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.3 58981 (10/POC-009213)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e 3 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para favorecer a existencia de patios escolares de recreo coeducativos e inclusivos para todo o alumnado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.4 58989 (10/POC-009215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo referidas á recuperación do pazo de Dona Urraca, no barrio lucense da Tinería, así como sobre a situación na que se atopa o proxecto da Consellería respecto da recuperación da Casa-Torre, localizada nese barrio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

- 1.5 59101 (10/POC-009231)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego respecto da Cidade da Cultura de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.6 59211 (10/POC-009248)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas que presentan as bibliotecas públicas da cidade de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.7 59244 (10/POC-009254)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o proceso de elaboración do novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais anunciado polo Goberno galego, as modificacións que introduce e os cambios que vai supoñer, especialmente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 58726 (10/PNC-004680)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intoxicacións alimentarias e reaccións alérxicas rexistradas nos meses de outubro e novembro de 2019 na rede de escolas infantís Galiña Azul, así como en centros educativos de primaria e secundaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019



- 2.2 58997 (10/PNC-004698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de
coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa
nalgún dos programas de desenvolvemento da Estratexia galega de linguas
estranxeiras 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 05/12/2019 13:03:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/12/2019 13:33:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/12/2019 13:33:11
Nº Rexistro: 18098
Data envío: 05/12/2019 13:33:11.087

CSV: REXISTROMadDCodK6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

